

## Un campo de traballo con voluntariado recuperará os camiños de Titania

Baixo o título *Conciencia do noso pasado*, o concello de Ponteceso, coa colaboración da Fundación Eduardo Pondal, desenvolverá desde o luns 15 ata o domingo 28 de xullo un campo de traballo co que se pretende recuperar os vellos camiños que levaban á antiga mina de Valarés Titania S.A. Este campo de traballo está financiado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellaría de Traballo e Benestar.

A esta actividade están inscritos voluntarios procedentes dos máis diversos lugares. Hai un total de 17 participantes orixinarios da Arxentina, Rusia, Francia, República Checa ou Turquía (caso dos estranxeiros) e da Coruña, Valencia, Badaxoz, Murcia, Sevilla e Burgos (caso dos estatais). Deles 9 son mulleres e 8 homes.

A actividade principal deste campo de traballo será a recuperación dos camiños que levaban á antiga mina de titanio que desenvolveu un importante papel económico na Ponteceso da primeira metade do século XX. Os labores son limpeza e desbroce das sendas, sinalización das mesmas, pequenas recuperacións patrimoniais e creación de espazos de interese. Estas sesións de traballo desenvolveranse unicamente pola mañá.

Polas tardes e noites esta xuventude voluntaria dedicarase a coñecer Ponteceso, Corme, Malpica, Laxe ou Santiago de Compostela. Participarán en xornadas festivas como o Carme de Corme ou o Castro Animado en Borneiro. Realizarán camiñadas nocturnas, acudirán a xornadas de teatro ou a festivais de música tradicional.

### O PROGRAMA

- **Luns, 15 xullo.** De mañá: *“Recepción de visitantes”*. De tarde: *“Percorrido de presentación pola vila de Ponteceso”*. De noite: *“Saída nocturna libre”*.
- **Martes, 16 xullo.** De mañá: *“Recepción na Casa do Concello e asistencia á procesión da Virxe do Carme en Corme”*. De tarde: *“Visita ó MAC de Corme, ó faro Roncudo e a praia do Osmo”*. De noite: *“Asistencia á verbena nocturna do día do Carme en Corme”*.
- **Mércores, 17 xullo.** De mañá: *“Sesión de traballo”*. De tarde: *“Visita á casa de Pondal e á enseada da Insua”*. De noite: *“Serán no pavillón municipal con deportes tradicionais”*.
- **Xoves, 18 xullo.** De mañá: *“Sesión de traballo”*. De tarde: *“Visita ó Forno do Forte en Buño”*. De noite: *“Camiñada nocturna polo río Anlóns”*.
- **Venres, 19 xullo.** De mañá: *“Sesión de traballo”*. De tarde: *“Visita ó castro e á praia de Niñóns”*. De noite: *“Asistencia a Teatro na Rúa”*.

- **Sábado, 20 xullo.** De mañá: *“Roteiro Conciencia do noso pasado”*. De tarde: *“Regreso do roteiro”*. De noite: *“Saída nocturna libre”*.
- **Domingo, 21 xullo.** De mañá: *“Paseo a cabalo”*. De tarde: *“Estacia na praia de Valarés”*. De noite: *“Saída nocturna libre”*.
- **Luns, 22 xullo.** De mañá: *“Sesión de traballo”*. De tarde: *“Visita ó Laxe de Isidro Parga Pondal”*. De noite: *“Asistencia á escenificación no IES de Ponteceso Noites do prácido luar”*.
- **Martes, 23 xullo.** De mañá: *“Sesión de traballo”*. De tarde: *“Visita a Malpica de Bergantiños”*. De noite: *“Asistencia ó concerto de música tradicional a cargo da Banda Inllar no Recheo de Ponteceso”*.
- **Mércores, 24 xullo.** Todo o día: *“Visita a Santiago de Compostela”*.
- **Xoves, 25 xullo.** De mañá: *“Libre”*. De tarde: *“Lecer no campo do río de Anllóns”*. De noite: *“Libre”*.
- **Venres, 26 xullo.** De mañá: *“Sesión de traballo”*. De tarde: *“Lecer na praia de Valarés”*. De noite: *“Marcha nocturna”*.
- **Sábado, 27 xullo.** De mañá: *“Visita á illa da Estrela e á Pedra da Serpe”*. De tarde: *“Deportes náuticos en Cabana de Bergantiños”*. De noite: *“Verbena nocturna en Tella”*.
- **Domingo, 28 xullo.** De mañá: *“Participación no Día da Bicicleta”*. De tarde: *“Camiñada polo rego dos Muíños e asistencia ó Castro Animado”*. De noite: *“Verbena nocturna en Tella”*.